

ELIMINACIÓN DA DEPURADORA DA LOURIÑA E CONEXIÓN Á EDAR DE MEIRA NO LUGAR DE CARDECIDE



Coa execución das obras recollidas no proxecto: **ELIMINACIÓN DA DEPURADORA DA LOURIÑA E CONEXIÓN Á EDAR DE MEIRA NO LUGAR DE CARDECIDE** o Concello de Cuntis buscou executar unha rede de saneamento no lugar de Cardecide, concello de Cuntis. Actualmente, nesta zona existe unha rede de saneamento que está conectada a unha especie de depuradora tipo fosa (depuradora de A Lourina), algo que facía que o concello tivese que estar constantemente baleirándoa e que provocaba moitas limitacións no servizo. A actuación realizada permitiu conectar ese tramo á rede de saneamento xeral do municipio, que desemboca nunha depuradora propiamente dita: a EDAR de Meira.

Tratábase de obras moi necesarias, posto que a rede de saneamento é considerada un servizo esencial que ten un impacto directo sobre a calidade de vida da poboación á que presta servizo, así como sobre o medio ambiente, xa que implica un saneamento das augas vertidas ao medio. O obxectivo da actuación realizada consistía en dotar ó núcleo dunha rede de saneamento público eficiente, que proporcionase un servizo axeitado ós habitantes do lugar, así como un tratamento das augas que se verten ó medio natural, para cumprir coa normativa de aplicación respecto a vertidos de augas residuais ó medio natural.

A actuación foi financiada mediante unha axuda de **38.718,00 €** ao abeiro das subvencións aos concellos, en réxime de concorrència competitiva, destinadas á execución de obras de abastecemento, saneamento e depuración, financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.